



:: Elija Provincia

:: Tipo Inmueble

<b>Portada</b>
<b>Página inicio</b>
<b>Mapa del web</b>
<b>Titulares</b>
<b>Secciones</b>
Última Hora
Galicia
España
Internacional
Marítima
Economía
Bolsa
Deportes
Sociedad
Cultura-TV
Tecnología
Tendencias
A Fondo
Opinión
Última
El Tiempo
Horóscopo
Azar
Cartelera
Programas TV
<b>Ediciones</b>
A Coruña
A Mariña
Arousa
Barbanza
Carballo
Deza-Tabeirós
Ferrol
Lemos
Lugo
Ourense
Pontevedra
Santiago
Vigo
Madrid

## CULTURA Y TV Edición Impresa

### O Día das Letras estará dedicado a Álvarez Blázquez

(Camilo Franco | redacción)

Poeta, editor e galeguista, non necesariamente nesta orde, Xosé María Álvarez Blázquez foi designado pola Real Academia Galega como o autor a homenaxear durante o 2008 arredor da celebración do Día das Letras Galegas.

Nacido en Tui en 1915 e falecido no ano 85, o escritor vencellouse moi novo ás mocidades galeguistas e foi autor dunha obra máis extensa que publicada e preocupada, segundo a Academia, por encontrar para a poesía galega un espazo popular e de ampla difusión.

Álvarez Blázquez foi tamén fundador da primeira editora en lingua galega en 1950, Monterrey, que se había refundar no ano 67 co nome de Castelros e dar o primeiro best-seller da literatura galega, O catecismo do labrego, de Valentín Lamas Carvajal, que abriu a colección O Moucho cun carácter popular como libros que eran «do pobo e para o pobo».

Para o seu fillo e biógrafo, Alfonso Álvarez Cáccamo, «esta foi unha noticia fantástica que permitirá dar a coñecer a obra» do seu pai.

Para o escritor, unha das tarefas fundamentais arredor do Día das Letras dedicado ao seu pai é a de «editar a obra descoñecida, que é moita, para que poida ser entendido en conxunto cal foi o seu traballo literario».

Álvarez Cáccamo considera necesario recuperar a obra dispersa porque seu pai «publicou moito en separatas, estudos, ensaios, textos, cousas que quedaron dispersas pero que dan idea dos intereses literarios e culturais que tiña». No mesmo sentido, cre que é necesario dar a coñecer o traballo editorial desenvolvido por Álvarez Blázquez.

Cáccamo sinala que foi a «primeira editora en galego tras a Guerra Civil» e comenta que «era un traballo de botarlle horas no despacho». «Lémbroo corrixindo galeradas a man e facendo artesanalmente todos eses labores que agora se consideran industriais», di.

Álvarez Cáccamo considera que hai «moito traballo por facer,» pero tamén sinala que «é a primeira vez que un autor das Letras ten tres fillos escritores (Xosé María, Celso e o propio Alfonso), así que poderemos facer moitas cousas».



<b>Archivo</b>
Buscavoz
Hemeroteca
Monográficos
<b>Canales</b>
<b>Voz Móviles</b>
<b>Canal Ocio</b>
Inmobiliaria
Voz Motor
El Semanal
Mujer Hoy
La Guía de TV
<b>Infocanales</b>
<b>Motor ocasión</b>
La Tienda

#### Enlaces Patrocinados

##### 1. 100 Hoteles en Lisboa - Portugal

Ahorra hasta el 70% en hoteles de una a cinco estrellas. Con información detallada, fotos, situación y ofertas especiales de Internet de todos los hoteles listados. [Booking.com](http://www.booking.com)  
[www.booking.com](http://www.booking.com)

##### 2. Sol Meliá. Hoteles en Lisboa

Web oficial. Hoteles de 3 y 4 estrellas cómodos, modernos, funcionales y